
**PLAN DO DEPARTAMENTO
DE ORIENTACIÓN**

Curso 2022-2023

IES Ramón Cabanillas

Índice

1. Introducción

2. Xustificación baseada no contexto

- a) Contexto legal
- b) Contexto do IES

3. Obxectivos

4. Planificación xeral e definición de accións prioritarias

- a) Temporalización trimestral

5. Estratexias de intervención

6. Criterios de avaliación do plan

ANEXO 1. Programa de habilidades sociais

ANEXO 2. Plan de ensino virtual do D.O.

1. INTRODUCCIÓN

A orientación é inherente á propia educación, trata de contribuír á formación integral do alumnado, á implicación e ao asesoramento das familias e do resto dos axentes da comunidade educativa.

A principal tarefa consiste en promover e facilitar o desenvolvemento persoal, educativo e profesional do alumnado a través da axuda técnica e do asesoramento necesarios.

A orientación educativa e profesional no noso IES desenvólvese a través dos **tres niveis** que estruturan a organización escolar da mesma: acción tutorial; apoio especializado: Departamento de Orientación (DO); e asesoramento especializado: Equipo de Orientación Específico (EOE).

Por tanto parte dun **Modelo Mixto** onde:

- No primeiro nivel (Acción Tutorial) actúase preferentemente a través do Modelo de Programas, enfatizando sobre todo a prevención primaria.
- No segundo nivel (DO) actúase mediante o Modelo de Servizos actuando por Programas, optando por un modelo interno ubicado dentro dos centros.
- No terceiro nivel (EOE) actúase mediante o Modelo de Asesoramento ou de Consulta entendida coma un intercambio de información entre asesor/a especializado/a e outros orientadores/as ou axentes educativos.

Todo isto baixo unha formulación sistémica de intervención, é dicir, orientación como proceso e responsabilidade compartida por todo o equipo docente, coordinada pola persoa titora e asistida pola orientadora e polos servizos externos de apoio.

Así mesmo, a actividade orientadora terá sempre presente as **tres grandes vertentes da orientación**: a escolar, a vocacional, e a persoal, para lograr o desenvolvemento integral do alumnado. A través das tres vertentes podemos relacionar cos tres ámbitos de actuación do Plan:

- Vertente escolar: atención á diversidade
- Vertente vocacional: orientación académica e profesional
- Vertente persoal (engadida por Sobrado e Ocampo): acción tutorial

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

a) CONTEXTO LEGAL

A lexislación educativa máis recente outórgalle á función orientadora un papel relevante, considerándoa un pilar esencial e básico do sistema educativo con decisiva incidencia na calidade dos procesos que nel se desenvolven. O Texto Consolidado LOE-LOMLOE establece:

- ✓ Art. 1 que a orientación educativa e profesional é un dos principios do Sistema Educativo, necesaria para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.
- ✓ Art. 2 indica que a orientación educativa e profesional é un dos factores que favorecen a calidade do ensino.
- ✓ Os Art. 18, 22, 30, 35 e 42 reflicten que na EP, ESO, ciclos formativos de grao básico, BACH e FP, respectivamente, prestarase especial atención á orientación educativa e profesional ao alumnado incorporando a perspectiva de xénero.
- ✓ O Art. 91 destaca a orientación educativa, académica e profesional do alumnado como unha función do profesorado.
- ✓ No Art. 102 indica que os programas de formación permanente do profesorado deberán contemplar a orientación, tutoría e atención educativa á diversidade.
- ✓ No Art. 121 recolle que o Proxecto Educativo do Centro deberá ter en conta as características do contorno social e cultural, incluíndo a atención á diversidade do alumnado e a acción tutorial, así como o plan de convivencia, e deberá respectar os principios de non discriminación e inclusión educativa como valores fundamentais.
- ✓ O Título II establece a Equidade na educación a través da atención ao Alumnado Con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) e a compensación das desigualdades na educación.

Nesta liña, queremos para o noso centro unha orientación que incida sobre a comunidade educativa no seu conxunto (alumnado, profesorado e familias), que atenda aos problemas e dificultades de aprendizaxe e preste apoio e asesoramento ante a diversidade de retos cos que se enfrenta a escola, animando e impulsando a súa acción, as relacións entre os seus elementos e co contorno, contribuíndo, en definitiva, á mellora da calidade dos procesos que se desenvolvan nela e, conseguintemente, da acción educativa.

A **orientación** é un deber compartido por todas as persoas docentes que traballamos no centro coas responsabilidades propias das diferentes tarefas que desempeñamos e debe estar polo tanto planificada. Así o **Plan de Orientación** é o instrumento pedagóxico-didáctico que articula as actuacións relacionadas coa orientación e a acción tutorial. Esta planificación é parte da organización pedagóxico-educativa do centro e, consecuentemente, debe incardinarse coa actividade e estrutura xeral deste, con especial incidencia na atención á diversidade, na orientación persoal e académica e na acción tutorial.

Na elaboración do seguinte Plan de Orientación foron tidas en conta, entre outras, as seguintes referencias legislativas:

- ✓ **Lei Orgánica 3/2006** de Educación.
- ✓ **Lei Orgánica 3/2020**, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Respecto á Convivencia:

- ✓ **Lei 27/2005**, do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.
- ✓ **Lei 4/2011**, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- ✓ **Decreto 8/2015**, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- ✓ **Estratexia galega de convivencia escolar** (educonvives.gal).

No tocante á orientación:

- ✓ **Decreto 120/1998**, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia.
- ✓ **Orde do 24 de xullo de 1998** pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia.
- ✓ **Circular 10/2010** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional en Galicia.

Especificamente para a atención á diversidade contamos coas seguintes normas:

- ✓ **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CCAA de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ✓ **Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ✓ **Protocolos de atención á diversidade de edu.xunta**: TDAH; TEA; Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual; Discapacidade auditiva; Altas capacidades intelectuais; Dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.

Por tratarse dun Instituto de Educación Secundaria:

- ✓ **Decreto 324/1996**, do 26 de xullo. Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

- ✓ **Orde do 1 de agosto de 1997** pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.
- ✓ **Orde de 23 de xuño de 2011** pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Admisión de Alumnado:

- ✓ **Decreto 254/2012**, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ✓ **Orde do 12 de marzo de 2013** pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Normativa das etapas do centro:

- **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do bacharelato en Galicia, e o **Real Decreto 1105/2014**, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da ESO e do Bacharelato. (pendente publicación novo)
- **Decreto 114/2010**, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- **Resolución do 26 de maio de 2022**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

b) CONTEXTO DO IES

SITUACIÓN XEOGRÁFICA: o Concello de Cambados está situado no Salnés.

Centro	Código	Concello	Ano académico
IES Ramón Cabanillas	36000481	Cambados	2022/2023

O Horario lectivo do centro en cada etapa é o seguinte :

- ESO e Bacharelato: luns a venres de 8:50 a 14:30, e luns de 16:30 a 18:10.
- FP: luns, martes, xoves e venres de 8:00 a 14:30, mércores de 08:00 a 15:20.

OFERTA EDUCATIVA DO IES:

ETAPA		GRUPOS		
Educación secundaria obligatoria (227)	1ºESO: 64	2ºESO: 69	3ºESO: 41	4ºESO: 53
	• 1ºESO-A: 21	• 2ºESO-A: 23	• 3ºESO-A: 22	• 4ºESO-A: 26
	• 1ºESO-B: 21	• 2ºESO-B: 22	• 3ºESO-B: 19	• 4ºESO-B: 27
	• 1ºESO-C: 22	• 2ºESO-C: 24		
Bacharelato (165)	1ºBAC: 83	2ºBAC: 82		
	• 1ºBAC-A: 28	• 2ºBAC-A: 29		
	• 1ºBAC-B: 28	• 2ºBAC-B: 26		
	• 1ºBAC-C: 27	• 2ºBAC-C: 27		
FP de Grao Superior (22)		• 1ºFP: 9		
		• 2ºFP: 13		

En total o centro conta con **414** alumnas e alumnos.

CENTROS ADSCRITOS:

Nos centros adscritos impártese a Educación Infantil e Educación Primaria, e estes son:

- CEP Antonio Magariños Pastoriza
- CEIP de Corvillón

Tamén procede alumnado doutros centros, habitualmente os centros de orixe son: Colexio Salesiano “Nosa Señora da Mercé”, CEIP de Santo Tomé, CEIP San Bartolomé de Tremeoedo.

ANPA

No últimos cursos vense desenvolvendo unha estreita colaboración coa ANPA. Durante o actual curso escolar continuaremos colaborando xa que dende o Departamento de orientación elaboramos coas familias as seguintes actividades:

- Colaboración nas actuación de acollida de familias que comezan a etapa da ESO.
- Actividades conxuntas de cohesión da comunidade educativa.
- Colaboración na semana da froita.
- Colaboración na consolidación da Escola de Familias.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O noso alumnado caracterízase por presentar:

- Algún caso de alumnado con **necesidades específicas de apoio educativo** (NEAE), que foi avaliado desde o DO en cursos anteriores dos cales se fará seguimento, así como outros casos que serán avaliados ao longo deste curso. Entre este alumnado están presentes as seguintes NEAE: dificultades específicas da aprendizaxe, necesidades educativas especiais (NEE), trastorno déficit de atención e hiperactividade (TDAH) ou

condicións persoais ou de historia escolar. Para dar resposta a estas necesidades tomamos as seguintes medidas de atención á diversidade:

- ✓ Desdobres
 - ✓ Afondamentos/reforzos na aula ordinaria
 - ✓ Exención da 2ª lingua estranxeira
 - ✓ Adaptacións curriculares
 - ✓ Apoio de PT
 - ✓ Aplicación dos protocolos de atención á diversidade
- Dificultades no uso de habilidades sociais e resolución pacífica de conflitos xerándose algunhas **condutas contrarias á convivencia**.
 - Alumnado que acode ao DO para asesoramento en cuestións persoais e educativas.
 - Na ESO particularmente caracterízanse tamén por un alto grao de **incertidume e indecisión respecto á elección vocacional/profesional** así como descoñecemento das opcións posibles ao termino da etapa.

CARACTERÍSTICAS DO PROFESORADO

O equipo de profesorado está formado por un total de 41, cun considerable grupo con destino definitivo no centro, incluído o Equipo Directivo, o cal favorece un maior grao de compromiso.

O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Segundo a normativa vixente, o Decreto 120/1998 e a Orde do 20 de xullo de 1998 que regulan a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia o Departamento de Orientación, queda **constituído** da seguinte forma:

- ✓ Xefa do Departamento de Orientación: **Silvia Puga Castro**
- ✓ Profesora de Pedagogía Terapéutica: **Esther Rodríguez Nicolás**
- ✓ Titora do ámbito científico-tecnolóxico: **Juan Sánchez Freiría**
- ✓ Titor do ámbito lingüístico-social: **Tobías Betanzos Rego**
- ✓ Profesor de Formación e Orientación Laboral: **Xurxo Novales Ordax**
- ✓ Xefatura do DO do CEIP de Corvillón
- ✓ Xefatura do DO do CEIP Antonio Magariños Pastoriza

As **reunións do DO** serán de xeito habitual con carácter mensual, seguindo a *Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, e a maiores as que sexan necesarias segundo as necesidades. Dentro do propio departamento

haberá reunións cos membros que teñan un proxecto común, por exemplo aqueles membros que colaboren na escola de familias.

A **atención ao alumnado** levarase a cabo en función das necesidades, estando dispoñible a orientadora cando sexa necesario e de xeito ordinario durante os recreos incluídos no horario da mesma para maior aproveitamento.

A **atención a familias** será:

- ✓ Xefa do Departamento de Orientación: mércores de 12.00 a 12.50
- ✓ Profesora de Pedagogía Terapéutica: venres de 10.30 a 11.20

Con flexibilidade a outros horarios en función das necesidades das familias.

COORDINACIÓN CON OUTROS AXENTES EXTERNOS AO CENTRO

OUTROS CENTROS: Sempre que algún alumnado se incorpore ou cause baixa no noso centro o DO será informado polos servizos administrativos desa circunstancia, para que poda ser posible a comunicación entre a orientadora e os centros de procedencia ou de destino, e poder así coordinar as actuacións entre os DO na atención a dito alumnado.

OUTROS ORGANISMOS E ENTIDADES: Manterase comunicación e colaboración necesaria con outros organismos e entidades, sempre tendo como referencia as funcións do departamento a este respecto e no marco do actual Protocolo de protección de datos. Entre estes destacan:

- **Concello de Cambados:** Servizos Sociais.
- **Servizos sanitarios:** seguimento do alumnado ou derivación.
- **Asociacións, entidades:** actividades de temática diversa, así como a facilitación de recursos, tanto materiais coma humanos, para traballar nas horas de titorías.
- **Outras:** colaboración con entidades externas que atenden ao alumnado.

MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO 2021/2022

Na memoria do curso 2021/2022 fixéronse varias propostas que serán tidas en conta na programación do actual curso:

Propostas de mellora 2021/2022	Aspectos a mellorar 2022/2023
✓ Seguir mellorando a coordinación entre o D.O., favorecendo isto dende a organización de horarios, especialmente entre especialista de PT e orientadora.	<ul style="list-style-type: none">• Establecemento de reunión semanal entre PT e orientadora.

<p>✓ Continuar solicitando que contemos no horario con sesións de reunión co profesorado titor de ESO, tal como se solicitou na CCP do día 31/05/2022.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Reunións quincenais co profesorado titor e a xefatura de estudos.
<p>✓ Darlle continuidade á coordinación cos centros adscritos, establecendo liñas de actuación conxuntas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • A través das reunións trimestrais.
<p>✓ Aumentar o banco de recursos de acción tutorial e intervencións grupais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración de novos materiais.
<p>✓ Darlle continuidade dende orientación ás actuacións de mellora da convivencia, impulso da inclusión e da igualdade no centro.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitud de contrato programa nas liñas IGUALA-T, CONVIVE-T, INCLUE-T e EMOCIONA-T. • Creación equipos de axuda entre iguais.
<p>✓ Impulsar o maior uso de medidas ordinarias de atención á diversidade, non só en canto a dificultades de aprendizaxe, senón tamén á diversidade de intereses, motivacións, etc. Favorecendo o cambio metodolóxico no centro para unha mellor resposta educativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Asesoramento ó equipo docente nas diferentes coordinacións. • Impulso a través da liña INCLUE-T.
<p>✓ En canto á convivencia, recolleamos as seguintes propostas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Iniciar a formación de equipos de axuda entre iguais no 2º ESO do curso 2022/2023. 2) Implicar ó alumnado na toma de decisións respecto da mellora da convivencia. 3) Crear espazos de convivencia (desdobres, espazos interiores e exteriores, etc.) 4) Diseñar unha intervención para mellorar a inclusión do alumnado que 	<ol style="list-style-type: none"> 1) Formación equipos de axuda entre iguais en 2ºESO. 2) Favorecer a participación do alumnado na comisión de convivencia. 3) Uso dos espazos mellorados: bancos, etc. 4) Ofrecer actividades nos recreos que xeren espazos de convivencia entre alumnado con intereses comúns. 5) Iniciar actividades de inclusión do alumnado inmigrante

<p>está con dificultades de relación.</p> <p>5) Mellorar a inclusión do alumnado inmigrante, con propostas concretas como creación de xornadas para coñecemento de culturas de inmigrantes: árabe, latinoamericana...</p>	
<p>✓ Darlle continuidade á Escola de Familias.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Continuidade da escola de familias.
<p>✓ Crear unha rede de colaboración coas orientadoras dos centros de secundaria da zona dos que recibimos alumnado en bacharelato, especialmente Ribadumia e Meis.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Reunións de coordinación e actuacións conxuntas.

3. OBXECTIVOS

A principal finalidade da Orientación é garantir a educación integral do alumnado a través da personalización do proceso educativo, especialmente no que se refire á adaptación dos procesos de ensinanza–aprendizaxe, á súa singularidade e á transición entre as distintas etapas e niveis nos que se articula o sistema educativo e o mundo laboral, e ofrecer ao conxunto da comunidade educativa, asesoramento colaborador e apoio técnico especializado. Dito isto, de forma máis concreta os **obxectivos xerais** para o curso 2022/2023 son:

- Contribuír á personalización da educación favorecendo o desenvolvemento integral do alumnado.
- Favorecer unha atención individualizada ás necesidades do alumnado, prever as dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado.
- Favorecer os procesos de madurez e autonomía persoal, de desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores, no alumnado.
- Contribuír ás adecuadas interaccións e coordinación entre os distintos elementos da comunidade educativa.
- Optimizar o rendemento académico mediante o axeitado asesoramento do alumnado ao longo do sistema educativo e no seu tránsito á vida activa.

Os **obxectivos específicos** recóllense en función dos diferentes axentes educativos:

<p>Respecto ao centro</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Colaborar no axuste da resposta educativa ás necesidades do alumnado. • Establecer unha boa coordinación co equipo directivo do centro, que posibilite unha relación fluída baseada no intercambio de propostas. • Asesorar aos Órganos de Goberno e Coordinación Didáctica na elaboración, revisión e avaliación dos distintos documentos do centro. • Participar na mellora da convivencia escolar. • Promover a coordinación do IES cos centros adscritos e así facilitar o tránsito do alumnado de primaria a secundaria. • Contribuír ao desenvolvemento das competencias clave, favorecendo ao máximo unha Educación Inclusiva. • Apoiar e promover iniciativas de formación e innovación.
<p>Respecto ao propio DO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Impulsar e mellorar o funcionamento do DO aumentando a coordinación dos membros, maximizando o uso dos recursos persoais e materiais. • Potenciar a colaboración coas demais estruturas de orientación, o Concello e con outras institucións que poidan contribuír á mellora. • Colaborar na difusión dos programas.
<p>Respecto ao profesorado</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Impulsar a acción tutorial, sensibilizando, asesorando e colaborando co profesorado-titor na planificación de actividades. Asesorar e colaborar no desenvolvemento da orientación académica e profesional. • Colaborar co profesorado na detección e intervención de dificultades do alumnado. • Fomentar a formación permanente do profesorado acerca de aspectos relacionados coa orientación, acción tutorial e a diversidade. • Establecer co equipo criterios pedagóxicos para a elección de titores/as. • Colaborar en actividades complementarias e extracurriculares. • Asesorar sobre os cambios legislativos e protocolarios.
<p>Respecto ao alumnado</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e da interiorización dun adecuado sistema de valores. • Previr o fracaso escolar, a inadaptación, o absentismo e o abandono escolar. • Desenvolver estratexias e actuacións dirixidas a mellorar o éxito escolar e aprender a aprender. • Previr e responder as dificultades de aprendizaxe, axustando a resposta educativa ás necesidades específicas do alumnado. • Promover a orientación educativa e profesional entre o alumnado. • Contribuír á mellora da convivencia nas aulas.

	<ul style="list-style-type: none"> • Cooperar para facilitar a igualdade entre mulleres e homes. • Proporcionar asesoramento grupal ou individualizado. • Favorecer o desenvolvemento vocacional e impulsar a autororientación a través de accións que axuden na construción dun proxecto de vida.
Respecto ás familias	<ul style="list-style-type: none"> • Impulsar a participación das familias no proceso educativo das súas fillas e fillos e establecer canles adecuados de información e comunicación. • Fomentar a súa participación nas actividades propostas. • Cooperar no proceso de acollida das familias do alumnado de nova incorporación. • Asesorar e orientar sobre aspectos educativos, académicos e profesionais grupal ou individualmente.
Respecto aos centros adscritos	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver accións conxuntas. • Planificar, desenvolver e avaliar accións que faciliten o tránsito entre centros e contribúan á adaptación persoal, social e académica do alumnado.
Respecto ao contexto	<ul style="list-style-type: none"> • Potenciar a coordinación co EOE de Pontevedra. • Establecer relacións coas institucións da contorna: Concello, servizos sociais, saúde mental, servizos sanitarios, entidades privadas, asociacións, Quérote+, etc. • Establecer canles de colaboración cos centros adscritos para favorecer o tránsito do alumnado entre centros e para posibilitar accións conxuntas.

4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

Unha vez constatada a realidade do centro, e tendo en conta o disposto na Circular 10/2010 establécense como **actuacións prioritarias** para o DO as seguintes:

- A Atención á Diversidade a través da colaboración na prevención e na pronta detección e intervención de dificultades de aprendizaxe e NEAE.
- Fomento da Acción Titorial mediante a colaboración e apoio a titores/as e demais profesorado no deseño e desenvolvemento do PAT.
- Promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- Actuacións relacionadas coa formación permanente do profesorado así como coa investigación e innovación educativa.
- Fomento da participación e implicación das familias no centro.
- Atención preferente ao alumnado que finaliza etapas.
- Fomento da igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación especialmente cara persoas con discapacidade.

- Mellorar a coordinación e comunicación coas responsables dos centros adscritos.
- Dinamización da Escola de Familias, cando sexa posible sociosanitariamente.

A nosa intervención dende o DO realizarase a través de actuacións de apoio aos tres **ámbitos** da orientación educativa: acción tutorial; proceso de ensinanza-aprendizaxe e atención á diversidade; orientación académico-profesional.

ÁMBITO DE ACCIÓN TUTORIAL

Os aspectos a desenvolver na tutoría son: aprender a ser, aprender a aprender e a pensar; aprender a convivir; aprender decidirse, a tomar decisións.

Neste ámbito hai propostas para as diferentes etapas e cursos ao longo de todo o curso escolar. Recollemos a temporalización que variará en función das características, necesidades e evolución de cada grupo:

TEMÁTICAS POR NIVEIS

Común cada curso	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Acollida e presentación: <ul style="list-style-type: none"> ➤ Acollida do alumnado novo, si hai (colabora alumnado maior) ➤ Calendario, horarios, profesorado ✓ Coñecemento do grupo e cohesión grupal <ul style="list-style-type: none"> ➤ Enquisa inicial recollida de información ➤ Dinámicas de coñecemento e cohesión grupal ✓ Elección da persoa delegada. Dereitos e deberes do alumnado ✓ Convivencia <ul style="list-style-type: none"> ➤ Coñecemento das Normas de convivencia do IES ➤ Elaboración das normas do grupo clase ➤ Sociograma ✓ Avaliación e análise dos resultados académicos cada trimestre
1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Acollida e presentación: <ul style="list-style-type: none"> ➤ Acollida do alumnado novo: presentación do funcionamento do IES ➤ Calendario, horarios, profesorado, instalacións, web do centro ➤ Normas do centro ✓ Técnicas de estudo <ul style="list-style-type: none"> ➤ Método e estratexias de estudo ✓ Programa de habilidades sociais ✓ Convivencia: resolución pacífica de conflitos
2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Educación para a paz ✓ Igualdade entre mulleres e homes e prevención da violencia machista

3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Educación afectiva-sexual ✓ Hábitos saudables e prevención de adiccións (sustancias, novas tecnoloxías) ✓ Xestión emocional e relaxación (obradoiro externo)
4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Orientación académica e profesional

Poderán realizarse cambios consesuados no Departamento de Orientación e xustificados en base ás necesidades do grupo concreto.

Apostamos polo traballo das temáticas en función dos recursos de formación dos que dispoña o profesorado titor, é dicir, priorizaranse aquelas temáticas nas que o traballo poida ser máis sustancioso polas características da persoa titora, sen deixar de traballar as outras.

Sempre que as circunstancias o permitan apostamos por obradoiros de profesionais externas e especialistas ó centro para o traballo de temáticas para as que se require **especialización** pola súa importancia.

Entre as recomendacións:

- Para a mellora da convivencia: **formación preventiva en 1ºESO.**
- Para a formación de equipos de alumnado voluntario en estratexias que dean resposta ás necesidades de cada curso, priorizando os **equipos de axuda entre iguais en 2ºESO.**
- Obradoiros de prevención da violencia machista: **cursos segundo necesidades.**
- Obradoiros de xestión emocional e relaxación: **en 3ºESO, e si é posible 4º e bacharelato.**

En todas aquelas actividades que se realicen en torno á acción tutorial por parte de profesionais externas ó centro, estará presente nas sesións o profesorado correspondente no horario en que se impartan.

É común a todos os grupos rematar o trimestre cunha avaliación do PAT por parte do alumnado e do profesorado. Tamén dedicar a última ou primeira de cada trimestre a falar individualmente con aquel alumnado que o titor/a considere, tanto da súa evolución académica como persoal.

Outras actividades a levar a cabo neste ámbito son:

- Tendo en conta o artigo 24 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar: *“o departamento de orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un **programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais** por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.”* No **anexo 1** xúntase dito programa.

En canto ás **familias**, as actuacións propostas son:

- Reunión de acollida en xuño e/ou setembro para as familias de 6º de Educación Primaria.
- Reunións de inicio de curso por parte do profesorado tutor.
- Reunión coas familias de 4ºESO para a orientación vocacional por parte da orientadora.
- Seguimento e entrevistas individuais co profesorado tutor, orientadora e/ou co tutor/a e orientadora, segundo as necesidades.
- Continuidade da Escola de familias inaugurada durante o curso 2021/2022.
- Charlas puntuais para familias de grupos concretos de ser necesario.

ÁMBITO DE ENSEÑANZA-APRENDIZAXE E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O departamento de orientación colabora co profesorado na atención á diversidade, elaborando propostas de mellora para facilita-los procesos de ensino-aprendizaxe.

Actuacións comúns para todas as etapas:

- Avaliación inicial e detección de necesidades.
- Avaliación psicopedagóxica cando sexa necesario.
- Proposta e organización de medidas de atención á diversidade.
- Organización da actuación da especialista de PT.
- Seguimento das medidas de atención á diversidade.
- Colaboración na elaboración de adaptacións curriculares cando proceda.
- Proposta do alumnado para a medida de exención da segunda lingua estranxeira.
- Elaboración de informes para as becas NEAE.
- Asistencia ás sesións de avaliación.
- Dar a coñecer ao profesorado as diferentes medidas de atención á diversidade e os protocolos de actuación co alumnado con NEAE.
- Coordinación con institucións que traballen co alumnado con NEAE.
- Aplicación de protocolos educativos da Consellería (estratexia Educonvives), especialmente as medidas do Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario, pola presenza nas diferentes etapas de alumnado con TDAH.
- Colaboración na elaboración do Consello orientador ao remate de cada curso da ESO.

ÁMBITO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA-PROFESIONAL

Unha das vertentes da orientación é a vocacional, coa que se pretende fomentar a madurez vocacional do alumnado para que sexa capaz de facer fronte ás distintas tarefas vocacionais e

ao desenvolvemento da súa carreira, así como tomar decisións autónomas sobre o seu futuro académico e profesional, buscando como fin último a autoorientación.

As actividades englobadas neste ámbito levaranse a cabo a través da hora de tutoría lectiva principalmente, contando tamén con actividades transversais en diferentes materias. Nas horas de tutoría serán levadas a cabo pola persoa titora e polo Departamento de Orientación en actividades específicas e/ou entrevistas persoais.

Este ámbito ten especial presenza no 4º curso da ESO e en 2ºBAC e 2ºFP, pero tamén se levará a cabo nos outros cursos.

Este ámbito será o descrito no POAP, pero aquí facemos un pequeno resumo.

En xeral, as **actividades principais** para levar a cabo serían:

- Autocoñecemento no propio alumnado (aptitudes, habilidades, intereses, motivacións, personalidade, situación socio - familiar, ...).
- Achega ao alumnado do coñecemento da estrutura do sistema educativo (optativas, itinerarios...) das axudas e requisitos.
- Coñecemento do mundo laboral.
- Proceso de inserción na vida laboral.
- Concienciación ao alumnado da importancia das alternativas ou posibilidades que terá no próximo curso en función do resultado académico actual.
- Implantación dun programa en colaboración dos departamentos didácticos para introducir a orientación vocacional de xeito transversal.

ETAPA	ACTUACIÓNS		
6º EP dos centros adscritos	• Orientación vocacional: a ESO. Tránsito á nova etapa.		
ESO	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
1º ESO	• Acolida á ESO		• Autocoñecemento
2º ESO			• Programa pensando en 3ºESO • Consello orientador
3º ESO			• Test de orientación • Programa pensando en 4ºESO
4º ESO	• POAP*	• POAP* • Profesiograma	• POAP* • Consello orientador
BAC e FP	• Programa de orientación académica e profesional		

*Programa de orientación académica e profesional

O Departamento de Orientación colaborará estreitamente cas iniciativas do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, **fomentando o uso do galego como lingua vehicular nas titorías**, e entregando o material na mesma lingua.

No **anexo 2** adxúntase o Plan do DO en caso de ensino virtual.

5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Como **xefa do DO**, as **principais estratexias** pasan por:

- Representar ao departamento na CCP.
- Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento e facilitar a colaboración entre os seus membros.
- Responsabilizarse da redación do Plan anual do departamento e velar polo seu cumprimento; así como da redación da memoria final de curso.
- Velar pola confidencialidade dos documentos, tendo en conta o disposto no Protocolo de Protección de datos.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas, así como asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.
- Coordinar as accións do profesorado de apoio na atención do alumnado con NEAE, elevando á xefatura de estudos, no caso de ser preciso, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.

O Plan de Orientación levarase a cabo desde un enfoque interdisciplinar e participativo, a través dunha implementación de tipo mixto, segundo Rodríguez Moreno, que consiste en desenvolver o plan a través de: todas as materias (integración curricular); a hora de titoría lectiva (na ESO); actividades complementarias e extraescolares que se propoñan para este curso.

A **metodoloxía** que utilizarei é activa e participativa onde prima a cooperación e o traballo en equipo, partindo sempre dunha visión constructivista do proceso de E-A e dunha perspectiva sistémica onde todos os membros da comunidade teñen a súa función e responsabilidades.

O seu desenvolvemento será responsabilidade de todo o profesorado (tal e como se recolle no artigo 91 da LOE-LOMLOE), coordinados polo profesorado titor e á súa vez pola xefatura de estudos, coa colaboración e apoio do DO.

As funcións da xefatura do departamento serán as citadas no artigo 6º da Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, regulada polo Decreto 120/1998. Estas poderíanse resumir na coordinación, asesoramento, dirección, e participación nas actuacións referidas aos tres ámbitos de actuación.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación do Plan de Orientación proporciona unha información significativa e continuada que permite a regulación e mellora da calidade educativa, por iso só pode ser abordado desde unha estratexia global e colectiva, debe ser continua, formativa, global, multidimensional, criterial, sistemática e flexible e á vez tamén nun Modelo de avaliación comunicativa e democrática.

O Plan será obxecto dunha avaliación:

- Inicial para detectar as necesidades de orientación.
- Continua e formativa durante a súa posta en marcha, para así modificar todos aqueles aspectos para responder aos obxetivos.
- Final co fin de avaliar o plan en sí mesmo.

Destacamos os seguintes **criterios de avaliación**:

- Adecuación: ao contexto, os recursos dispoñibles, finalidades previstas...
- Coherencia: entre o modelo teórico proposto e as medidas prácticas.
- Funcionalidade das actuacións propostas.
- Contextualización: ten en conta o PEC, o POE e as necesidades.
- Relevancia das actuacións propostas para dar resposta ás necesidades.
- Implicación diferentes membros da comunidade educativa e coordinación de responsables.
- Proxección cara o exterior: cooperación con institucións, axentes sociais...
- Satisfacción dos participantes: co desenvolvemento do proceso, resultados obtidos, cumprimento das expectativas iniciais...

Para a **avaliación do ámbito da acción titorial e orientación profesional** levaranse a cabo cuestionarios para o alumnado e para o profesorado titor.

Elaborado
Silvia Puga Castro. Xefa do Departamento de Orientación
Data: setembro de 2022

ANEXO 1. Programa de habilidades sociais

1) Introducción

No artigo 19 do capítulo II do título III da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, establécese que o departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas e/ ou para o alumnado que temporalmente se vexa privado do seu dereito de asistencia ao centro.

2) Contextualización

No IES Ramón Cabanillas temos programadas sesións de tutoría lectiva da ESO programas e intervencións relacionadas coa prevención da violencia e a promoción dunha convivencia saudable. Dito isto, este programa afondará naqueles aspectos que non son suficientes coa intervención preventiva, buscando afondar na reflexión.

3) Obxectivos

- ✓ Crear un espazo de reflexión sobre as condutas contrarias á convivencia.
- ✓ Brindar elementos de análise que permita entender o seu proceso vital propio.
- ✓ Potenciar a busca e construción da súa identidade e do seu lugar social con maior autonomía e responsabilidade.

4) Contidos

- ✓ O conflito; relacións conflitivas; asertividade; empatía; comunicación; roles.

5) Metodoloxía

A intervención realizaríase individual ou en grupo co alumnado implicado, a orientadora, observadoras/es, se procede, traballando paralelamente coas familias en reunións.

6) Avaliación

Os cambios no alumnado poden avaliarse do seguinte xeito:

- ✓ Percepción subxectiva do cambio: do alumnado, da familia, do profesorado e compañeiros/as e das profesionais que interveñen.
- ✓ Rexistros condutuais.
- ✓ Incidencia das condutas disruptivas do alumnado.

ANEXO 2. Plan de ensino virtual do D.O.

Ante a posibilidade dun confinamento e polo tanto a posta en marcha da docencia virtual, o Departamento de Orientación facemos esta proposta de traballo para atender virtualmente os tres ámbitos da orientación: acción tutorial; ensinanza-aprendizaxe e atención á diversidade; e orientación académica e profesional.

ÁMBITO DE ACCIÓN TUTORIAL

A acción tutorial en caso de ensino virtual terá como base catro aspectos fundamentais:

- ✓ Manterase a hora semanal de tutoría dos luns pola tarde en ESO, facendo sesións de videoconferencia co alumnado. En BAC e FP será o profesorado titor quen cre un espazo e unha frecuencia no tempo para levar a cabo esta atención específica.
- ✓ Trátase de seguir a programación prevista, sen restar importancia aos contidos de acción tutorial respecto aos contidos das materias avaliadas.
- ✓ Dedicarase un tempo da sesión a que o alumnado exprese as súas inxerencias e necesidades, potenciando un diálogo e un momento de distensión e reencontro do grupo. Sempre que sexa necesidade do grupo, priorizarase este aspecto respecto da programación.
- ✓ Manterase a coordinación entre niveis co Departamento de Orientación.
- ✓ As persoas titoras e o Departamento de Orientación farán seguimento do alumnado para detectar posibles necesidades, tanto persoais, sociais, académicas, de recursos, etc. Os medios de comunicación co alumnado e coas familias serán abalarMóbil, chamadas, videochamas e correos. Na distribución horaria establecerase unha sesión de tutoría para o alumnado e outra para as familias.

ÁMBITO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O ámbito de atención á diversidade fundamentarase en velar polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade a través de:

- ✓ Seguimento das medidas de atención á diversidade e da aplicación dos protocolos.
- ✓ Contacto estreito e frecuente entre a especialista de PT co profesorado de área.
- ✓ Atención directa da especialista de PT co alumnado que atende habitualmente.
- ✓ Colaboración na atención ao alumnado exento da segunda lingua estranxeira, e coordinación co profesorado das materias obxecto de reforzo.

ÁMBITO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA-PROFESIONAL

Neste ámbito tratarase de:

- ✓ Darlle continuidade ao proxecto transversal de orientación académica e profesional cos departamentos que participan, propoñendo a adaptación das actividades á virtualidade.
- ✓ Continuar coa programación prevista, as sesións de orientación directas da orientadora serán por videoconferencia.
- ✓ A información e os recursos estarán accesibles para o alumnado a través da aula virtual.